

CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS E DE COLABORACIÓN E ASISTENCIA EN MATERIA DE XESTIÓN, RECADACIÓN E INSPECCIÓN DOS TRIBUTOS E DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO E PRIVADO CONCELLO DE AMES**MEMORIA DA CONCELLEIRA DE ECONOMÍA E FACENDA**

O artigo 28 da Lei 9/2017, de 9 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) establece que na documentación preparatoria dos contratos que celebren as administracións públicas debe determinarse con precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

O artigo 116.1 da LCSP establece que o expediente se iniciará polo órgano de contratación, motivando a necesidade do contrato nos termos do artigo 28. E para os contratos de servizos esíxese un informe de insuficiencia de medios (artigo 116.4.e).

A efecto de cumprimentar os requirimentos expostos, emítese o presente documento, que se estrutura nos aspectos que a normativa enumera:

I. NATUREZA E EXTENSIÓN DAS NECESIDADES A SATISFACER

O concello de Ames, en sesión plenaria de 20 de outubro de 2012, acordou delegar na Deputación Provincial da Coruña o exercicio das seguintes competencias:

1. Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Bens Inmóbles, tanto de natureza rústica como urbana, ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro.
2. Xestión e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Actividades Económicas ou do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, así como a facultade para, de acordo co previsto no artigo 92 da lei reguladora das facendas locais, solicitar da Administración Tributaria do Estado a delegación das funcións de xestión censal e inspección, e establecer con dita Administración as oportunas fórmulas de colaboración en materia de inspección en relación con este mesmo imposto.
3. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica e do imposto municipal que o complementa ou substitúa no futuro, salvo que o impidan compromisos ineludibles adquiridos polo Concello ou éste xestione o tributo directamente e non desexa delegalo.
4. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana.
5. Xestión, inspección e recadación voluntaria e executiva da taxa pola utilización privativa ou aproveitamentos especiais constituídos no solo, subsolo e voo das vías públicas, a favor de empresas explotadoras de servizos de subministros e interese xeral, tanto o suposto xeral do artigo 24 do Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, baseado no 1,5% dos ingresos brutos obtidos no termo municipal, como ao suposto especial da telefonía móbil.

6. Recadación voluntaria e executiva das seguintes taxas e prezos públicos de carácter periódico anual e notificación colectiva mediante padrón:

6.1 Taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfico.

6.2 Taxa pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e por reserva da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

6.3 Taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.

7. Recadación voluntaria e executiva das sancións municipais por infraccións da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, incluíndo a colaboración previa cos Concellos para a identificación dos propietarios dos vehículos cos que se cometeran as infraccións.

8. Recadación en período executivo de tributos, prezos públicos e calquera outro ingreso de dereito público de carácter non periódico ou de periodicidade inferior ao ano.

9. A facultade para establecer acordos ou convenios coa Administración Tributaria do Estado en materias de colaboración e inspección en relación co imposto sobre bens inmoables.

O acordo anterior foi modificado parcialmente polo Pleno do Concello de Ames celebrado o 29.12.2016, no senso de revogar parcialmente a delegación de competencias previas á notificación da providencia de prema na recadación en período executivo para que a actuación da Deputación Provincial inicie coas notificacións das providencias de prema, ditadas previamente pola tesouraría municipal.

Por outra banda, o contrato de concesión do servizo público do ciclo integral da auga, formalizado o 27 de xaneiro de 2017 con Espina y Delfín sl, e cunha duración inicial de dous anos, prorrogable por períodos dun ano, cun máximo de dúas prórrogas, inclúe no seu obxecto a prestación dos servizos de colaboración e asistencia técnica, material e informática ao exercicio das funcións de xestión tributaria, censual e recadatoria do Concello de Ames en relación coa taxa pola prestación de actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana, taxa de subministración de auga e taxa de saneamento e depuración.

Aínda que como se acaba de indicar determinadas competencias en materia de xestión e recadación foron delegadas na Deputación Provincial, e outras de colaboración e asistencia se encomendan á empresa prestadora do contrato do servizo público do Ciclo Integral da Auga, o Concello conserva competencias de xestión, inspección e recadación en período voluntario dos seguintes tributos e prezos públicos de decheño instantáneo ou cun período inferior ao ano:

- Taxa por expedición de documentos administrativos
- Taxa por expedición de licenzas urbanísticas
- Taxa pola apertura de establecementos
- Taxa por licenzas de autotaxi
- Taxa pola prestación de servizos complementarios educativos e de conciliación (Bos días cole, Comedor e Tardes divertidas)
- Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar

- Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local por obras
- Taxa pola celebración de matrimonios civís
- Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local con caixeiros automáticos
- Taxa cemiterio
- Prezo público pola utilización do complexo polideportivo de A Telleira
- Prezo público polos servizos culturais e deportivos
- Prezo público pola utilización de instalacións deportivas e culturais
- Prezo público pola Escola Municipal de Música
- Prezo público pola prestación do servizo das escolas infantís municipais
- Prezo público pola prestación do servizo de talado e roza nas franxas de seguridade definidas no Plan de protección do Espazo Rural
- Prezo público do cemiterio municipal
- Imposto sobre construcións, instalacións e obras

O contrato proxectado procura a realización da tarefas de asistencia e apoio na xestión, na recadación e na inspección de tributos e ingresos de dereito público e privado do concello de Ames, sempre respecto das competencias **non delegadas na Deputación nin atribuídas ao contratista do servizo do ciclo integral da auga**, salvo, respecto deste último, que se poidera modificar o contrato en vigor por razóns de eficiencia, eficacia e simplificación administrativa.

II. IMPOSIBILIDADE DE ATENDER AS NECESIDADES ANTERIORES A TRAVÉS DOS MEDIOS DISPOÑIBLES

O concello de Ames carece na actualidade dos medios materiais e persoais precisos para o desenvolvementos das funcións inherentes á xestión, recadación e inspección dos tributos e ingresos de dereito público municipais.

Respecto aos medios materiais, este Concello non dispón dunha aplicación informática específica que permita a execución dos traballos e a tramitación dos expedientes necesarios tendentes á recadar ou xestionar tributos e ingresos municipais.

No referente aos medios persoais, a realización das tarefas que lle corresponden ao concello e que foron descritas no apartado I, tampouco poden ser realizadas directa e exclusivamente polo personal municipal adscrito ao servizo. Actualmente só hai dúas persoas ocupando postos adscritos ao departamento de tesourería, a tesourería municipal e unha auxiliar administrativa.

O forte crecemento poboacional que experimentou o municipio, orixinando un aumento exponencial en canto a expedientes tramitados, recursos xestionados, contribuíntes atendidos..., non se puido acompañar de medidas de políticas de emprego que permitiran a adaptación á carga de traballo en aumento, debido ás restricións que ao respecto establecen as Leis de Orzamentos Xerais do Estado (preceptos de carácter básico nesta materia). Esta restrición imposta pola normativa estatal motiva unha insuficiencia de medios para o desenvolvemento das tarefas con persoal propio.

A evolución dos cargos e dos expedientes tramitados por Recadación dende o 2014 foi a seguinte:

Autoliquidacións:

Exercicio	Nº cargos	Nº	Importe
-----------	-----------	----	---------

		autoliquidacións	
2014	166	2.656	131.509,54€
2015	247	5.788	201.361,46€
2016	288	6.968	277.414,70€
2017	347	7.473	311.368,26€
2018	415	9.188	358.505,78€
2019	386	9.828	422.199,34 €

Liquidacións:

Exercicio	Nº cargos	Nº liquidacións	Importe
2014	138	715	113.908,76€
2015	182	1.285	193.521,13€
2016	129	866	172.672,87€
2017	244	2.137	253.412,24€
2018	100	1.271	254.774,19€
2019	59	630	653.908,49 €*

*dos cales 512.346,64 € corresponden a unha soa liquidación

Liquidación por inspección:

Exercicio	Nº cargos	Nº liquidacións por inspección	Importe recadado
2015	4	13	27.490,01€
2016	15	23	21.815,15€
2017	8	16	7.491,77€
2018	9	37	43.168,35€
2019	4	17	23.973,11 €
TOTAL			123.938,39 €

Ingresos por recibo:

Exercicio	Nº cargos	Nº liquidacións	Importe
2014	114	19448	1.265.898,82 €
2015	99	19230	1.247.480,78 €
2016	130	19277	1.271.540,06 €
2017	120	22821	1.536.931,15 €
2018	115	22078	1.532.059,30 €
2019	113	22112	1.565.589,26 €

Resumo:

Exercicio	Nº de expedientes tramitados
2014	622
2015	885
2016	713
2017	981
2018	939
2019	1065

Como se pode observar o número de expedientes tramitados é elevado, e actualmente, o concello de Ames con tan só dúas persoas adscritas á Tesourería Municipal, non podería asumir axeitadamente os servizos que se atenderán mediante este contrato cos niveis de eficacia e calidade que precisan as actuacións de xestión, recadación e inspección, polo que se entende necesaria a contratación dos mesmos cunha empresa especializada, de acordo cos termos que figuren no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

Para o cumprimento da finalidade que pretende o contrato, considérase imprescindible que as tarefas de xestión e recadación as realicen tres persoas con presenza permanente no servizo: un técnico de grao superior e dous auxiliares a xornada completa).

A extensión do obxecto do contrato terá como límite a realización de actuacións de apoio, asistencia técnica, preparación e colaboración no ámbito descrito que se estimen necesarias, sen que en ningún caso se contemplen aquelas que impliquen o exercizo de autoridade ou supoñan o exercizo de potestades administrativas.

III. IDONEIDADE DO OBXECTO E DO CONTIDO DO EXPEDIENTE

O obxecto do contrato debe ser determinado e definirse en atención ás necesidades e funcións descritas nos parágrafos anteriores, e que se pretenden satisfacer. Os documentos que incorporarán esas prescricións serán os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

Os seguintes aspectos estímense imprescindibles para a súa concreción nos Pregos:

A. Duración do contrato

A duración do contrato establécese nun ano, podendo prorrogarse anualmente ata dous anos máis, por períodos anuais, por acordo expreso do órgano de contratación. A prórroga será obrigatoria para o contratista, sempre e cando o seu preaviso se produza a lo menos con dous meses de antelación respecto a finalización do prazo de duración do contrato.

Non obstante, cando ao vencemento do contrato non se tivera formalizado o novo contrato que garanta a continuidade do servizo como consecuencia de incidencias por acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación, e sempre que existan razón de interese público para non interrompirla prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que se inicie

a execución do novo contrato, e por un período máximo de 9 meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre e cando o anuncio de licitación do novo contrato se publique cunha antelación mínima de tres meses respecto a data de finalización do contrato orixinario.

B. Non división en lotes

Para os efectos do previsto no artigo 99.3 da LCSP estimase conveniente evitar a división en lotes do seu obxecto, posto que a realización independente das prestacións comprendidas no obxecto dificultaría a correcta execución do mesmo.

O obxecto do contrato conceptúase como unha prestación única e integradora (servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado). As prestacións obxecto do contrato reúnen as características propias para considerar que existe unha unidade funcional, polo que a división en lotes suporía un menoscabo e detrimento da consecución do fin público perseguido.

A existencia de eventuais adxudicatarios para cada lote suporía o emprego de programas de software distintos para cada prestación, o que provocaría unha dificultade engadida no aspecto loxístico do traballo diario (consulta de débedas, xestión de padróns, etc), así como nas actuacións de control por parte da Intervención e Tesourería Municipal, que poderían verse coa problemática de non poder examinar a información traballada en formatos heteroxéneos.

C. Criterios de adxudicación

Para a valoración das proposicións e a selección da mellor oferta, atenderase aos seguintes criterios de adxudicación:

C.1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE EMISIÓN DE UN XUIZO DE VALOR (máximo 30 puntos).

Deberá presentarse unha memoria descriptiva en relación aos traballos de asistencia e colaboración na xestión, inspección e recadación dos ingresos, na que se valorará a idoneidade do traballo a desenvolver, a metodoloxía aplicada, o modelo de control de xestión, e calquer outro aspecto acorde coas previsións do prego de prescricións técnicas.

Para a valoración terase en conta especialmente:

- A organización do servizo, o deseño de procedementos de traballo, e o modelo de control de xestión que redunde na eficacia na prestación do servizo- ata un máximo de **10** puntos.
- Plan de formación dos usuarios internos e externos sobre o funcionamento do Sistema de Información Tributario ofertado, para o que se aportará unha descrición detallada do plan, con indicación de cronograma, obxectivos

propostos e calquer outro aspecto que se considere oportuno - ata un máximo de **5** puntos.

- O funcionamento da aplicación informática a empregar, (ata un máximo de **15** puntos), valorándose aspectos como :
 - ☐ A facilidade de uso por parte de usuarios internos e do propio concello, carácter intuitivo, ergonomía da aplicación, etc.
 - ☐ Procesos de creación de padróns, traspasos e xestión de cobros, aplazamentos e fraccionamentos, emisión de recibos de liquidacións e autoliquidacións
 - ☐ funcionamento da oficina virtual tributaria

Para a valoración do funcionamento da aplicación informática esixirase unha demostración técnica, para o cal os licitadores serán requiridos por este concello fixando o día e hora de presentación. A presentación poderá ser presencial nas dependencias do Concello ou por videoconferencia ou outros medios telemáticos.

As empresas que non superen a puntuación mínima de **15** puntos na puntuación correspondente aos criterios ponderables en función de xuízos de valor, non continuarán no procedemento de contratación, quedando excluídas.

A memoria presentada para a avaliar os criterios dependentes dun xuízo de valor deberá ter unha extensión máxima de 30 páxinas, excluídas portadas e índices, e tipo de letra arial tamaño 11.

C.2.- CRITERIOS CUANTIFICABLES MEDIANTE FÓRMULAS (máximo 70 puntos)

Oferta económica (máximo de **40** puntos)

A puntuación máxima recaerá sobre a oferta máis baixa (30 puntos para o menor prezo ofertado nos servizos complementarios de colaboración e asistencia na xestión e recadación; 10 puntos para a menor porcentaxe ofertada no servizo de colaboración na inspección, a aplicar sobre a débeda descuberta por esta vía, ingresada e firme en vía administrativa), puntuándose o resto proporcionalmente.

Melloras: (máximo **30** puntos)

- Compromiso a prestar asistencia letrada en xuízo, mediante defensa e representación, por recursos derivados de expedientes tramitados con motivo da execución do contrato, con independencia de que a duración da execución do contrato rematara, sempre e cando o recurso contencioso-administrativo se interpoña antes da terminación do contrato: 10 puntos
- Compromiso a prestar asistencia na preparación dos expedientes de modificación de ordenanzas fiscais e acordos de modificación de prezos públicos. Dito apoio referirase a aspectos de carácter xurídico, así como á colaboración na confección dos informes técnico económicos esixidos para o establecemento ou para a modificación das taxas,

coas directrices indicadas pola Tesouraría ou polo departamento correspondente: 10 puntos

- Compromiso de asumir un coste mínimo de 300 € durante a duración inicial do contrato na matrícula de cursos de formación convocados por organismos públicos en materias relacionadas con xestión, recadación ou inspección tributaria, para empregados públicos municipais adscritos ao Departamento de Tesouraría: ata 5 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

Ata 300 €/ano: 5 puntos

Entre 300,01 e 400 €/ano: 2,5 puntos

- Distancia entre a oficina de Recadación de Bertamiráns e a Casa Consistorial de Ames (ata 5 puntos), distribuídos do seguinte xeito:

Ata 100 m: 5 puntos

Entre 101 m e 300 metros: 3 puntos

Entre 301 m e 499 metros: 1 punto

Adxuntarase compromiso no que conste a distancia do local que se compromete a poñer a disposición do servizo con respecto á Casa do Concello.

D. Medios materiais e persoais

Polo que respecta aos medios materiais que se esixen, debido á agrupación xeográfica da poboación en torno aos núcleos de Bertamiráns e de Milladoiro, é imprescindible que o servizo de preste en ambos. O contratista deberá facerse cargo dun local habilitado en Bertamiráns, non podendo atoparse a unha distancia superior a 500 m. respecto da Casa Consistorial, e o Concello poñerá á súa disposición un local no núcleo de Milladoiro. Os gastos de adecuación e dotación de mobiliario dos locais, do seu mantemento, así como dos subministros correrán de conta do contratista.

Ditos locais deberán estar operativos no momento do inicio da vixencia do contrato.

Os medios persoais mínimos esixidos, serán:

a) De forma presencial nas oficinas de recadación e con dedicación exclusiva ao obxecto do contrato: 2 auxiliares administrativos, e 1 técnico superior licenciado en Dereito, Cc Económicas, en CC Empresariais ou nun grado equivalente ás anteriores, con contratos a tempo completo. Todos eles con experiencia mínima de cinco anos.

b) Ademais, respecto das tarefas de inspección, requirirase, na medida en que sexa necesario, e sen necesidade de dedicación exclusiva ao contrato: un técnico licenciado en Dereito, Cc Económicas, en CC Empresariais ou nun grado equivalente ás anteriores, e terá unha experiencia mínima de cinco anos en tarefas similares; un inxeñeiro industrial para a colaboración na Inspección, si se considera oportuno, e un auxiliar administrativo.

E. Modificación do contrato

Considerase pertinente recoller nos PCAP a modificación do contrato, nos termos que establecen os artigos 203 e seguintes da LCSP.

Concretamente, considérase preciso incorporar a posibilidade de colaboración nas actuacións inspectoras de determinados tributos cuxa inspección está delegada na Deputación Provincial - mediante a suscripción do oportuno convenio de colaboración -, así como a ampliación da xestión, recadación e inspección integral en determinadas taxas e impostos - previa revogación parcial da delegación-.

Considérase necesario introducir a posibilidade de colaboración nas actuacións de inspección integral das taxas vinculadas ao Ciclo Integral da Auga, para o suposto de que o Concello asuma directamente o servizo, ampliándola a la tramitación de expedientes de comprobación limitada o de verificación de datos.

En ningún caso o PCAP podrá prever modificacións que alteren a natureza global do contrato inicial.

G. PRESUPOSTO, PREZO E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

G.1. PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN

Resulta xustificado o establecemento dunha remuneración diferenciada polos servizos inherentes á xestión ordinaria, e por aqueles que constitúan actuacións inspectoras ou de comprobación masiva de carácter extraordinario, posto que para as primeiras se recolle a esixencia dunha aportación de medios de carácter exclusivo e permanente, e para as segundas, unicamente será necesaria na medida en que se precise para o desenvolvemento de tales actuacións.

De acordo co exposto, o presuposto base de licitación sería:

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN			
SERVIZO	Importe licitación	IVA	Total
Servizos complementarios e de colaboración e asistencia técnica en materia de xestión tributaria e recadación	143.255,52	30.083,66	173.339,18
Servicios de colaboración e asistencia técnica en materia de inspección	6.196,93	1.301,36	7.498,29
TOTAL	149.452,45	31.385,02	180.837,47

H.2. FORMULACIÓN DO PREZO

O prezo fórmulase a tanto alzado para o obxecto do contrato consistente na asistencia e colaboración na xestión tributaria, recadación e servizos complementarios; para os servizos de colaboración a apoio na inspección fórmulase por prezos unitarios.

H.3. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (1+1+1)

Aos efectos do previsto no artigo 101 da LCSP, o valor estimado do contrato calculouse atendendo ao orzamento de licitación para a duración inicial do contrato, incrementado na posible modificación do contrato, así como ás posibles prórrogas e á eventual continuidade do contrato, máis alá do seu vencemento, durante el prazo máximo de 9 meses que permite o artigo 29.4 da LCSP. Todo elo, diferenciando entre os servicios de xestión e os servicios de inspección, pola súa diferente forma de determinación del precio.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO (€)					
SERVIZO	Importe licitación sen IVE	Importe das modificacións previstas sen IVE	Prórroga sen IVE	Importe eventuais prórrogas (sen IVE)	VALOR ESTIMADO DO CONTRATO
Servizos complementarios e de colaboración e asistencia técnica en materia de xestión tributaria e recadación	143.255,52	28.651,10	286.511,04	107.441,64	565.859,30
Servizos de colaboración e asistencia técnica en materia de inspección	6.196,93		12.393,86	4.647,70	23.238,49
		28.651,10			
TOTAL	149.452,45	28.651,10	298.904,90	112.089,34	589.097,79

IV. TRAMITACIÓN POR URXENCIA

A xestión, inpección e recadación dos ingresos públicos municipais, constitúe unha función pública necesaria en todas as corporacións locais, sendo por tanto, un servizo público esencial na administración local.

A realización destas funcións require medios materiais, técnicos e humanos suficientes para o desenvolvemento de procedementos administrativos e para a realización de tarefas ordinarias, sendo insuficientes os medios actuais existentes no departamento da Tesorería Municipal, tal e como se expuso no punto II deste informe.

Actualmente o servizo estase a prestar por unha empresa externa, que realiza as tarefas de asistencia e colaboración na xestión e recadación dos ingresos municipais cuxa xestión e recadación non están delegados na Deputación Provincial ou xestionados por outros entes (como sucede cos ingresos vinculados ao Ciclo Integral da Auga). Sen embargo, a relación contractual que mantén esta empresa actualmente non está amparada por un contrato administrativo vixente, ao ter vencido no ano 2018 a última prórroga contractual.

Chegado o vencemento da prórroga continuouse coa prestación do servizo para evitar a paralización na prestación do servizo.

O artigo 119 da LCSP permite a tramitación urxente dos contratos que respondan a unha necesidade inaprazable ou sexa preciso acelerar por motivos de interés público.

No presente contrato concorren supostos de necesidade inaprazable que aconsellan acelerar a adxudicación, ao ser urxente cubrir contractualmente o servizo e abandonar a provisionalidade do actual contrato; asimesmo concorren motivos de interés público basados na imposibilidade de que as prestacións obxecto do contrato se poidan interrompir ao tratarse de prestacións relativas a un servizo básico e función pública necesaria.

O Tribunal Administrativo Central de Resolución de recursos contractuais nas Resolucións nº 152/2016, 187/2013, entre outras, considera que a necesidade de cubrir contractualmente un servizo pon de manifesto a necesidade de acelerar a adxudicación por razóns de interés público, xustificando a aplicación do procedemento de urxencia.

Á vista do anteriormente exposto, considérase necesario que a licitación dos servizos complementarios e de colaboración e asistencia en materia de xestión, recadación e inspección dos tributos e dos ingresos de dereito público e privado do concello de ames, se tramiten polo procedemento de urxencia previsto no artigo 119 da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

Ames, 18 de xuño de 2020

A Concelleira de Economía e Facenda